

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DAS CONDICIÓN ACÚSTICAS DO PAVILLÓN DE DEPORTES SITO EN LAMIÑO:FALSO TEITO.

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000159

### ANTECEDENTES:

1.- Mediante decreto da alcaldía do 05.03.2019 iniciouse o procedemento para contratar a obra de:

**1.- Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño:Falso teito**, cun orzamento de:79.050,51 €, IVE incluído, que se atopa subvencionada ao abeiro do POS + Adicional 1/2018, por maior achega provincial 1ª fase, da Deputación da Coruña, ordenando emitir os informes preceptivos.

As necesidades a satisfacer son as que figuran no proxecto descrito, sendo necesario para o cumprimento das competencias municipais (art. 25.2. I) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.1 e 159.1 da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será polo procedemento aberto simplificado.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O valor estimado do contrato non supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa adxudicación á alcaldía.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, **resolvo:**

**1º)** Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, realizándose como unha unidade contractual, non dividíndose en lotes polos seguintes motivos: este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

**2º)** A Mesa de Contratación consonte co acordo plenario do 18.04.2018 terá a composición publicada no BOP da Coruña do 25.04.2018 e que figura igualmente publicada no PCAP.

**3º)** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) tipo da Deputación da Coruña, polo procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) previsto no art. 159.1 da LCSP, cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que ha rexer no contrato, asinado por esta alcaldía con data 06.03.2019, de utilización obrigatoria segundo as normas do plan sinalado.

**4º)** Autorizar o gasto por importe de 79.050,51 €, IVE incluído, con cargo á aplicación: 933.63200 do orzamento onde existe retido crédito por intervención.

**5º)** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.